



**Actividades para
super peques
de 0 a 3 años**



Datos básicos:

- Duración de cada sesión: 30 min
- Participantes: máximo de 10 peques acompañados por un adulto
- Esta proposta está pensada para unir varias das nosas propostas na mesma sesión escollendo as temáticas que máis interesen ao grupo participante.
- Orzamentos personalizados baixo petición.

EQUIPO TÓTEM AO CARGO DA PROPOSTA



Zeltia Iglesias é mestra en educación infantil, influenciada por Tonucci, Malaguzzi e Montessori. Con alma de aventureira, guíaranos por un sinfín de historias que se poden oír, tocar, sentir e ata ulir! Metidas na súa maleta. Queredes abríla con ela?

Susi García é técnico superior en Educación Infantil, unha namorada da súa profesión. Gústalle especialmente o mundo artístico: música, danza, teatro... onde a improvisación, o asombro e a estética non poden faltar! De carácter positivo, alegre e con alma soñadora acompañaranos en múltiples historias rodeada de sorpresas emocionantes.



A. BABYCONTOS

Xustificación educativa

Acercamento ás diferentes formas de narrar mediante rimas, cancións e contos para fomentar o gusto pola lecto-escritura en todas as súas formas a través de experiencias sensoriais básicas que traballarán os ritmos, a atención e a comprensión.

Descrición da actividade

Desenvolvemento:

- De 0 a 1 ano

- a) A sesión comeza sempre cunha canción de benvida que invita a focalizar a atención e expoñer o que vai ocorrer.
- b) Conto curto rimado
Colección "Do berce á lúa", de Antonio Rubio e Óscar Villán
- c) Momento de transición entre contos con rima cantada de Tamara Chuvorovsky.
- d) Conto principal
- e) Volta á perruca: rematamos a sesión con música relaxante e pompas.

- De 1-2 e 2-3 anos

- a) Canción de presentación
- b) Conto rimado
- c) Conto principal
- d) Volta á perruca: remátase a sesión con música relaxante e un gran tul que fará de mar, peluca, manta, etc... segundo o conto contado con anterioridade.



B. XOGO HEURÍSTICO

Xustificación educativa

É unha actividade onde os nenos/as interactúan cos diferentes materiais. Fundaméntase na exploración sistemática e desenrólase en grupos de 10 nenos/as onde se manipula e combina libremente gran variedade de obxectos non estruturados.

Beneficios da actividade:

- Un clima relaxado
- Fomentar a atención e concentración
- Incentivar a imaxinación
- Desenvolver habilidades sociais

Descrición da actividade

Esta é unha proposta educativa que da total liberdade aos **bebés entre 18 meses e 3 anos**.



D. CÁNTIGAS E XOGOS DE ARROLAR


Xustificación educativa

Estas cantigas e xogos proporcionan entretenemento e diversión, e axudan a establecer vínculos afectivos entre os pais e o neno. Favorecen aspectos motrices como a coordinación xeral e o equilibrio, o desenvolvemento sensorial e a adquisición da lingua.

Descrición da actividade

Crearemos un ambiente relaxado no que realizaremos xogos cas mans e o corpo e tamen transmitiremos algunhas cantigas de arrolar

De 0 a 24 meses.



E. BANDEXAS MONTESSORI

Xustificación educativa

Na pedagogía Montessori utilízanse a menudo as bandexas pra realizar actividades da vida cotidiá. Con elas búscase despertar a curiosidade do neno de tal forma que a aprendizaxe xurde do seu propio interés.

Descrición da actividade

Nesta actividade explicaremos ás familias como poden facer as bandexas e levalas a cabo na casa. Mentres os nenos poderán experimentar con elas.

Actividade dirixida pra bebés de 1 a 3 anos.



Móvil: 698 173 327
info@totemgestion.com
www.totemgestion.com



Síguenos en redes.

